

3. LIGA 2ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA

3.1. EQUIPOS PARTICIPANTES

Este grupo estará formado por 16 equipos da comunidade autónoma galega e que serán os seguintes:

- Equipos descendidos da Primeira División Sénior Masculina «Grupo A» da temporada anterior.
- Equipos participantes na Liga 2ª División Masculina na temporada anterior, non descendidos.
- Os equipos que obtiveran o ascenso na tempada 2025-26.

3.2. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS

Data tope de inscrición: 29 de xullo ás 13.00 h.

3.3. XOGADORES.

A data límite para dar de alta a xogadores nesta categoría será as 14:00 h do 26 de febreiro do 2026. O número de licenzas para esta categoría será dun mínimo de 8 e dun máximo de 12.

3.4. FORMA DE XOGO

Primeira Fase:

Os 16 equipos dividiranse en dous grupos de oito equipos cada un (Norte e Sur) distribuídos por proximidade xeográfica (14 xornadas).

Segunda Fase:

Os equipos clasificados do 1º ao 4º de cada un dos grupos formarán un grupo (A-1) de oito equipos e xogarán polo título, e os clasificados do 5º ao 8º conformarán outro grupo (B-1) de oito equipos e xogarán polo descenso. O formato de competición será liga regular (14 xornadas).

Fase Final

A fase final A-4 a disputarana os equipos clasificados nos postos 2º a 5º do grupo A-1, sábado as eliminatorias e domingo a final, cos seguintes emparellamentos:

2º – 5º (eliminatoria X)

3º – 4º (eliminatoria Y)

Gañadores eliminatorias X-Y (Final)

Para designar as sedes destas Fases a FGB, a través do seu Comité de Actividades, emitirá unha circular para a organización das mesmas.

3.5. ASCENSOS E DESCENSOS

Os equipo clasificado en primeiro posto do Grupo A-1 obterá o ascenso a Liga 1ª División Sénior Masculina e será o considerado o Campión Galego da categoría. Ascenderá tamén a 1ª División Sénior Masculina os primeiro equipo clasificado da Final A-4.

Descenderán a Liga de 3ª División Sénior Masculina os equipos clasificados nos postos 5º ó 8º do grupo B-1. Se descendese un equipo máis da 1ª División Masculina o fará o 4º posto e así sucesivamente se os descendidos fosen máis.

En caso de producirse ascensos, descensos ou renuncias estas cubriranse seguindo a orde establecida no artigo 126 do Regulamento Xeral da FGB.

Se unha vez comezada a competición se retirase algún equipo ou fose descualificado pola FGB, a vacante cubrirase cunha das prazas de descenso.

3.6. DATAS DE XOGO

Fins de semana correspondentes ás seguintes datas:

1ª Fase:

Outubro: 11, 18, 25

Novembro: 1, 8, 15, 22, 29

Decembro: 13, 20

Xaneiro: 10, 17, 24, 31

2ª Fase:

Febreiro: 7, 14, 21, 28

Marzo: 7, 14, 21

Abril: 4, 11, 18, 25

Maio: 2, 9, 16.

Final A4: 22 e 23 maio.

3.7. DATAS DE SORTEOS

Primeira Fase: 9 de setembro ás 12.30 h na sede central da FGB.

Segunda Fase: 1 de febreiro ás 12.30 h. na sede central da FGB.